



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (**BNG**), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la continuidad de las políticas de incremento del gasto militar y al bloqueo de 15000 nuevos millones hasta 2037 en el último Consejo de Ministros y Ministras.**

El Consejo de Ministros y Ministras celebrado el pasado 10 de junio aprobó la autorización de la modificación de los límites para adquirir compromisos de gasto con cargo a ejercicios futuros para permitir que el Ministerio de Defensa pueda financiar 12 nuevos programas especiales de modernización incluidos en el Plan Industrial y Tecnológico de Seguridad y Defensa.

Según la información del propio Consejo de Ministros, el Ministerio de Defensa solicita esta autorización con cargo a los ejercicios presupuestarios de 2026 a 2037, en relación con la partida presupuestaria «inversiones reales» con la finalidad de financiar 12 nuevos programas especiales que permitirán incrementar exponencialmente el gasto militar y comprometerlo hasta 2037. El presupuesto total es de 15 635 millones de euros además de una prefinanciación del Ministerio de Industria de 6327 millones.

Los 15 000 millones para los nuevos PEM aprobados en el último Consejo de Ministros se suman a los más de 10 000 millones aprobados anteriormente en el Plan de «rearme» y en el Plan de Seguridad en el que también está prevista una inversión de 3807 millones para este año.

Se trata de un nuevo incremento del gasto militar al amparo de los dictados de la Comisión Europea y su Plan ReArm Europe, así como de las exigencias de la OTAN y de EE.UU., después de que el Estado español ya hubiera aceptado, de forma disciplinada, el compromiso de incrementar el gasto militar en un 2%. No obstante, recientemente, la OTAN y EE.UU. pasaron a exigir un aumento del 5% en vísperas de la cumbre de la OTAN del 24 y 25 de junio.

Así, desde el mes de febrero, el Gobierno, en el marco de los presupuestos prorrogados, ha ido aprobando transferencias y créditos extraordinarios en distintos Consejos de Ministros

C.DIP 72914 16/06/2025 16:33





para lograr dicho incremento del gasto militar global. En un inicio, en 2024, el anuncio versó sobre la ampliación hasta 2029, pero desde abril se ha acelerado y extendido el proceso, aprobándose 10 471 millones y señalándose que el objetivo de incremento del 2% se alcanzaría este mismo año. Se ha remarcado además que Defensa contaría con un presupuesto de 33 123 millones.

Para alcanzar este macropresupuesto, se han ido aprobando diferentes partidas a lo largo de 2025; así, en febrero, se aprobó un suplemento de crédito de 57,43 M€ para el Organismo Autónomo Instituto de Vivienda, Infraestructuras y Equipamiento de la Defensa y una transferencia desde el Fondo de Contingencia a Defensa de 562 millones para cubrir el coste de las misiones militares en el exterior. En marzo, se aprobó una transferencia de crédito a Defensa de 343,86 millones sin especificar el objetivo, y también un complemento de 40 millones para el Organismo Autónomo Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de Defensa.

En el mes de abril, el Consejo de Ministros y Ministras aprobó otra transferencia de crédito de 2084 millones a Defensa para diversos compromisos, entre ellos los Programas Especiales de Modernización de Armamento, así como una transferencia de crédito para el aumento de los salarios militares de 368 millones y otra transferencia desde el Fondo de Contingencia de 70,37 millones, que se suman a los 10 471 millones del 22 de abril y ahora, por fin otros 15 000 millones aprobados a principios de junio.

Sin olvidar que en el mismo Consejo de Ministros del 22 de abril también se aprobó una transferencia de crédito de 387,5 millones al Ministerio de Industria para ayudas en I+D y para la financiación de las industrias militares para los PEM de armamento.

Según los datos publicados, el presupuesto del Ministerio de Defensa ya supera ampliamente el objetivo del 2%, mucho más si se computan también las partidas militares a cargo de otros departamentos ministeriales. Así, según los cálculos del Centro Delás, el Gobierno materializará un incremento del 2,48% en gasto militar.

Por tanto, todo parece evidenciar un claro acuerdo del Gobierno español en aceptar la senda de incremento del gasto militar, sin descartar la posibilidad de que las inversiones en armamento sigan creciendo. Aceptan los compromisos impuestos en esta materia pese a que necesariamente implican una reducción de las inversiones en gasto social mientras suman esfuerzos a la escalada belicista, tensando el panorama internacional y sin un acuerdo parlamentario que respalde esta política.

C.DIP 72914 16/06/2025 16:33





El BNG llama a un cambio de rumbo, descartando la estrategia militarista y de rearme para volver al camino de las políticas de paz y el multilateralismo. Exigimos el cumplimiento de las políticas sociales comprometidas y que se dediquen esfuerzos de inversión pública a vivienda, sanidad, educación o investigación, así como a mejorar todos los servicios públicos.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

- 1. ¿Cuál será el destino de la última partida de 15 000 millones de euros aprobada por el Consejo de Ministros y Ministras del pasado día 10 para que el Ministerio de Defensa pueda financiar 12 nuevos programas especiales de modernización incluidos en el Plan Industrial y Tecnológico de Seguridad y Defensa?
- 2. ¿Este nuevo aumento del gasto militar responde a un nuevo compromiso con la política belicista por parte del Gobierno y a los dictados de la OTAN y de EEUU? ¿Es parte de un nuevo plan para alcanzar el incremento del 5% en el gasto en armas que exigen?
- 3. ¿Por qué el Gobierno aceleró la aprobación de transferencias y créditos extraordinarios para aumentar el gasto militar y cumplir con la orden de alcanzar el 2% en este mismo año 2025, una meta ya ampliamente superada si miramos el gasto global?
- 4. ¿Puede el Gobierno informar con total claridad y transparencia sobre el presupuesto de Defensa previsto para este año, sumando todas las partidas destinadas a tal fin con independencia del Ministerio de adscripción? ¿Cuál es el incremento total esperado si contamos todos los artículos que se han aprobado en los Consejos de Ministros desde febrero?
- 5. ¿Cuál es la posición del Gobierno ante la nueva exigencia de la OTAN de seguir incrementando el gasto militar hasta el 5%? ¿El Gobierno descartará la nueva exigencia?
- 6. ¿Aprovechará el Gobierno la cumbre de la OTAN prevista para los días 24 y 25 de junio para hacer público su cambio de política y rechazar la continuidad de la escalada belicista?
- 7. ¿Es consciente el Gobierno de que esta política de aumento exponencial del gasto militar implica necesariamente recortes en las inversiones en políticas sociales y servicios públicos?
- 8. ¿Tiene previsto el Gobierno seguir aprobando transferencias y créditos extraordinarios para aumentar el gasto militar en los próximos meses?
- 9. ¿El Gobierno someterá a debate en el Congreso sus políticas sobre el aumento del gasto militar?

C.DIP 72914 16/06/2025 16:33





10. ¿Está el Gobierno comprometido con un cambio de rumbo y descartará la continuidad de la estrategia militarista y de rearme para volver a la senda de las políticas de paz y del multilateralismo?

Madrid, a 16 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL REGISTRO GENERAL

16 JUN. 2025 10:46:25

<u>Entrada</u> 72884

Sobre o incremento do gasto militar

Competencia Tipo Expediente Otros Expedientes 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á continuidade das políticas de incremento do gasto militar e ao bloqueo de 15000 novos millóns até 2037 no último Consello de Ministros e Ministras.**

O Consello de Ministros e Ministras que tivo lugar o pasado 10 de xuño aprobou a autorización da modificación dos límites para adquirir compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros para permitir ao Ministerio de Defensa financiar 12 novos programas especiais de modernización incluídos no Plan Industrial e Tecnolóxico da Seguridade e a Defensa.

Segundo a información do propio Consello de Ministros, o Ministerio de Defensa solicita a esta autorización con cargo aos exercicio orzamentarios de 2026 a 2037, en relación coa aplicación orzamentaria "investimentos reais" coa finalidade de financiar 12 novos programas especiais que permitirán incrementar exponencialmente o gasto militar e comprometelo até 2037. O orzamento total é de 15.635 millóns de euros ademais dunha prefinanciación por parte do Ministerio de Industria de 6.327 millóns.

Os 15.000 millóns para os novos PEM aprobados no último Consello de Ministros veñen a sumarse aos máis de 10.000 millóns aprobados

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
16 JUN. 2025 10:46:25
Entrada 72884



anteriormente no Plan de "rearme" e ao Plan de Seguridade en que tamén se prevé un investimento de 3.807 millóns para este ano.

Trátase dun novo incremento do gasto militar ás ordes dos ditados da Comisión Europea e do seu Plan ReArm Europe, así como das exixencias da OTAN e dos EUA, despois de que de que o Estado español aceptara xa, disciplinadamente, o compromiso de aumento do gasto militar en 2%. Mais, recentemente, a OTAN e os EUA xa pasaron a exixir un incremento de 5% ás portas da cimeira da OTAN do próximo 24-25 de xuño.

Así, desde o mes de febreiro, o Goberno, nun marco de orzamentos prorrogados, foi aprobando en distintos Consellos de Ministros transferencias e créditos extraordinarios para lograr materializar ese aumento do gasto militar global. Nun inicio, en 2024, o anuncio consistiu en que se iría ampliando até 2029, mais, desde abril apurou e ampliou o proceso, aprobando 10.471 millóns e sinalando que se alcanzaría o obxectivo do incremento de 2% para este mesmo ano. Remarcando que Defensa disporía dun orzamento de 33.123 millóns.

Para alcanzar ese macro orzamento foi aprobando distintas partidas máis ao longo deste 2025, así, en febreiro, aprobou un suplemento de crédito de 57,43 M€ para o Organismo Autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento de Defensa e unha transferencia desde o Fondo de Continxencia a Defensa de 562 millóns para facer frente ao gasto das misións militares no exterior. En marzo, aprobou unha transferencia de crédito a Defensa de 343,86 millóns sen concretar o obxectivo, e tamén un suplemento de 40 millóns para o Organismo Autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento de Defensa.

No mes de abril, o Consello de Ministros e Ministras aprobaba outra transferencia de crédito por 2.084 millóns a Defensa para diversos compromisos, entre eles os Programas Especiais de Modernización de armamentos, así como unha transferencia de crédito para o aumento do salario dos militares por 368 millóns e outra transferencia desde o Fondo de Continxencia de 70,37 millóns, ademais dos 10.471 millóns do 22 de abril e agora, finalmente outros 15.000 millóns aprobados a comezos de xuño.



Sen esquecer que no mesmo Consello de Ministros do 22 de abril, tamén se aprobou unha transferencia de crédito de 387,5 millóns para o Ministerio de Industria para axudas en I+D e financiar industrias militares para os PEM de armamento.

Segundo os datos feitos públicos o orzamento do Ministerio de Defensa supera xa o obxectivo de 2% amplamente, moito máis se se computan tamén partidas de carácter militar que figuran a cargo doutros departamentos ministeriais, así, segundo os cálculos do Centre Delás, o Goberno materializará neste un incremento de 2,48% no gasto militar.

Por tanto, todo parece evidenciar unha clara anuencia do Goberno Español de aceptar a senda do incremento do gasto militar, e sen descartar a posibilidade de que os investimentos en armamento sigan medrando. Aceptan os compromisos impostos nesta materia a pesar de que implican, necesariamente, a redución dos investimentos en gasto social ao tempo que se suman esforzos na escalada belicista, tensionando o panorama internacional e sen acordo parlamentar que dea respaldo a esta política.

O BNG reclama un cambio de rumbo, descartar a estratexia militarista e de rearme para volver ao camiño das políticas de paz e o multilateralismo. Demandamos cumprir coas políticas sociais comprometidas e dedicar os esforzos de investimento público en vivenda, sanidade, educación ou investigación, así como na mellora do conxunto dos servizos públicos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal será o destino da última partida aprobada de 15.000 millóns de euros polo Consello de Ministros e Ministras de 10 de para permitir ao Ministerio de Defensa financiar 12 novos programas especiais de modernización incluídos no Plan Industrial e Tecnolóxico da Seguridade e a Defensa?



- 2. Responde este novo incremento do gasto militar a un novo compromiso coa política belicista por parte do Goberno e aos ditados da OTAN e dos EUA? Entra dentro dun novo plan de chegar ao incremento de 5% no gasto armamentístico que reclaman?
- 3. Por que acelerou o Goberno a aprobación de transferencias e créditos extraordinarios para o incremento do gasto militar e cumprir neste mesmo ano 2025 coa orde de chegar até 2%, un obxectivo que xa se superou amplamente se se atende ao gasto conxunto?
- 4. Pode o Goberno informar con total claridade e transparencia do orzamento en Defensa previsto para este ano sumando o conxunto das partidas destinadas a esta finalidade con independencia do Ministerio de adscrición? Cal é o incremento total previsto se contabilizamos todas as partidas que se foron aprobando nos Consellos de Ministros e Ministras desde febreiro?
- 5. Cal é a posición do Goberno en relación á nova exixencia da OTAN de seguir a incrementar o gasto militar até 5%? Descartará o Goberno a nova exixencia?
- 6. Aproveitará o Goberno a cimeira da OTAN prevista para os días 24 e 25 de xuño para facer público o seu cambio de política e rexeitar a continuidade da escalada belicista?
- 7. É consciente o Goberno de que esta política de exponencial incremento do gasto militar implica, necesariamente, recortes nos investimentos en políticas socias e nos servizos públicos?
- 8. Prevé o Goberno seguir a aprobar transferencias e créditos extraordinarios para o incremento do gasto militar nos vindeiros meses?
- 9. Someterá o Goberno as súas políticas en materia de incremento do gasto militar ao debate no Congreso?



10. Comprométese o Goberno a un cambio de rumbo e descartará a continuidade da estratexia militarista e de rearme para volver ao camiño das políticas de paz e o multilateralismo?

Madrid, a 16 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso